



## NOVA ESCOLA GALEGA ANTE OS NOVOS CURRÍCULOS

### A LOMLOE PARA SUBSTITUÍR A LOMCE

Un novo cambio lexislativo e curricular colócanos seguramente nunha situación de incomodidade e revisión por enésima vez, ante a imposibilidade de logro dun Pacto pola Educación. Pero era imprescindible revisar a LOMCE para avanzar nun sistema educativo favorecedor da equidade e da aprendizaxe activa, un reto esixente para os centros e o profesorado. Era ineludible corrixir unha lei que declaraba non educativa a primeira etapa da Educación Infantil, que anulaba os ciclos de Primaria, que xerarquizaba materias, que convertía a Relixión en materia a incorporar no cálculo de medias académicas, que primaba no seu articulado a creación de centros concertados en vez dos públicos, que instauraba reválidas para acceder ás titulacións, que centralizaba máis a toma de decisións sobre o currículo, que anticipaba os itinerarios educativos á ESO e un longo etc. Polo tanto, non caeremos no erro de queixarnos por este cambio lexislativo que modifica unha lei de política educativa neoliberal, discriminatoria e segregadora. Por outra parte, temos a LOMLOE, con orientacións, principios e enfoque pedagóxico dabondo máis acertados, malia non incorporar todas as melloras e avances aos que aspiramos.

Nesta liña, lamentamos que perdure a Relixión como unha materia de oferta obrigatoria nun Estado que non é confesional. Recoñecemos que se mellora no relativo á súa non consideración no cálculo de medias e a non existencia dunha materia paralela e obrigatoria. Pero seguimos sendo dos escasísimos países que, ademais de incluíla no sistema educativo, deciden o seu currículo e o seu profesorado as autoridades eclesiásticas. A Relixión, mentres teña presenza nas ensinanzas regradas, seguirá a ser un problema non resolto no noso sistema educativo.

Ben é certo que as leis educativas deben contar sempre cunha participación da cidadanía e das institucións acorde coa im-





## ARTICULACIÓN DO CURRÍCULO POR COMPETENCIAS: ACERTOS E RETOS

A articulación do currículo a través das competencias condiciona o conxunto do sistema. O sistema escolar debe asegurar que o alumnado sexa capaz non só de dispoñer de información sistematizada en relación cos saberes e coñecementos para comprender/integrarse/cuestionar a sociedade na que vive, senón de que sexa quen de poder utilizar esa información con sentido e significación, de modo pragmático, e en resposta a interrogantes e preocupacións que se susciten. A través da educación artellada arredor das oito competencias definidas no marco da Unión Europea deberá ser posible —en terminoloxía do Informe Delors— “aprender a coñecer”, “aprender a facer”, “aprender a vivir xuntos/as” e “aprender a ser”.

Este proceder non pode anular as certezas científicas e morais, nin o compromiso e responsabilidade co estudo do alumnado, nin o desenvolvemento dun labor profesional rigoroso, sistemático e de calidade. Non significa, como con frecuencia se observa, un predomínio metodolóxico (particularmente tecnolóxico) un tanto activista e irreflexivo sobre os contidos de formación. Requírese un proceder esixente que debe procurar o éxito académico de todos e todas —a equidade— como froito da laboriosidade, da preocupación e da responsabilidade que en cada caso corresponde (alumnado, docentes, familias, centros...)

O seguimento de orientacións neoliberais na política educativa pode impoñer tratamentos funcionalistas e unha pésima visión pragmatista (unha *adecuación* utilitaria), que poden traducirse, como ocorre frecuen-

portancia social que teñen e a continuidade temporal que deben buscar. Polo tanto, É UNHA ESIXENCIA DEMOCRÁTICA PROPICIAR A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA no momento da súa elaboración. Tamén no momento de decidir os currículos.

Porén, o Ministerio só buscou timidamente esta participación cun documento inicial de carácter básico, que someteu a escrutinio público, sen moito percorrido en canto a como se articulou e como frutificou esa participación.

Tamén a Xunta debía propiciar a participación na elaboración dos currículos propios, pero, pola contra, evitouna descaradamente, e así non coñecemos os borradores de Decretos ata días antes de sometelos á consideración do Consello Escolar de Galicia. Un despropósito.

Neste momento, antes de comezar o próximo curso escolar, é cando se están aprobando os currículos como a concreción dos cambios que a lei promove.

temente, en versións segregacionistas, ao facer fincapé no dominio diferencial de capacidades e destrezas competenciais, acomodado á extracción social do alumnado. Orientacións que poden profundar na distancia cultural coa que, de facto, xa chega o alumnado aos centros escolares, ao promover unha versión empobrecida do currículo cultural en determinados casos, cando debe ser de similar valor para todas as persoas. Falamos de posibles limitacións a superar, cunha dupla actuación: desde a actuación da Administración e desde un esixente funcionamento dos centros escolares e do seu profesorado. Cunha esixencia: a de non seguir facilitando desde a Administración a existencia dunha dupla rede segregacionista de escolarización.

Debemos alertar e traballar contra do perigo de instrumentar o traballo educativo por competencias desde a visión utilitarista ao servizo do mercado e non das persoas. Pero debemos poñer en valor como a resposta a discursos racistas, machistas, homófobos, negacionistas etc. pode darse desde a orientación da educación competencial, se poñemos o acento curricular na atención aos problemas culturais, económicos, ambientais, para ser capaces de comprendernos e actuarmos sobre a realidade e transformala. Significa isto valorar o traballo por competencias no seu aspecto superador da visión acumulativa de contidos escolares, por máis que presentados con sistematización lóxica e académica.


Esta lectura con seguridade que se pode facer dende o currículo por competencias se as utilizamos a favor de desenvolver a análise e o espírito crítico do alumnado, de modo que lle permitan observar, posicionarse e actuar nunha sociedade complexa,



aberta, pluralista, que debe ser democrática e inclusiva e que está demandando da institución educativa unha abordaxe pedagóxica dos problemas sociais. Sen esta premisa de actuación, dificilmente o currículo vai cambiar. En definitiva, seremos os educadores e as educadoras, os equipos dos centros, a propia comunidade educativa quen teremos a posibilidade de encamiñar o traballo profesional nesta dirección.

## A CONSELLARÍA DESPERDICIA A OPORTUNIDADE

A circunstancia de emprender a revisión e reordenación do currículo é unha boa oportunidade para afrontarmos en mellores condicións os retos formativos básicos do noso presente e poderemos afondar en aspectos que nos poden achegar intelectual e emocionalmente ao alumnado e mesmo á sociedade galega; e desde aí á comprensión dunha realidade cada vez máis globalizada. Para iso a propia lei indica que a Comunidade Autónoma terá capacidade de establecer en por si o equivalente á metade dos contidos curriculares, uníndoos ás ensinanzas mínimas establecidas para o conxunto do Estado.



dible para fixar poboación, e noutros, para acrecentar unha comunicación intelectual e emocional positiva entre o mundo urbano e o conxunto territorial de Galicia, no camiño de novas sinerxías e da ecosustibilidade.

- Non se afonda na vía que a Lei marca para traballar interdisciplinariamente, por exemplo establecendo proxectos que trascendan as materias e horarios.

- Non se afonda en aspectos tan deficitarios da formación escolar, que por teren carácter transversal están sempre ao azar do voluntarismo do profesorado; falamos da igualdade de xénero ou da educación sexual, como exemplos máis evidentes.

- Non articulan medidas para superar a manifesta desigualdade -no coñecemento, pero sobre todo no uso- que ten o galego. Dá igual o número de alarmas que soen, o tratamento do galego non merece para a Xunta unha soa medida que contrarreste o esmorecemento que con tanta preocupación constatamos no día a día. Fálase de "prácticas comunicativas non discriminatorias, para identificar e rexeitar os abusos de poder a través da palabra", mais non se di nada do acoso lingüístico de alumnado galegofalante, que entra no sistema educativo falando galego e remata substituíndoo polo castelán.

- Non se fomentan con decisión os valores éticos de poñer as diversas aptitudes persoais de todas as persoas -sen excepcións- ao servizo de todas as persoas -tamén, sen excepcións- nunha rede de reciprocidades solidarias e xustas.


- Fálase moito de tecnoloxía e dixitalización, mais non se pon de relevo como debera a importancia da aprendizaxe en contacto directo co medio real e natural. Nos propios obxectivos e contidos hai enfoques que desvirtúan a percepción do mundo real e natu-

ral ao centrárense, con interese preferente e case exclusivo, na dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe e nos factores tecnolóxicos, como se tivesen un fin en si mesmos ou case substituísen a propia realidade, cando terían que ser recursos que deben saber utilizarse para axudar a coñecer e respectar a natureza en toda a súa biodiversidade.

- Nas cuestións asociadas á necesaria comprensión da problemática socioeconómica, o nesgo neoliberal é evidente, escamoteando a pluralidade do debate social sobre este ámbito. Elúdese tratar sobre a insustibilidade do sistema económico actual e que urxe concienciarse dos factores dun desenvolvemento sustentable. Non se lle dá relevancia ao decrecemento, á redución significativa do consumo, prescindir de numerosas industrias innecesarias, ata lograr a sostibilidade no tempo dos recursos naturais e unha natureza sa e ben conservada, cualitativa e cuantitativamente. Tampouco á soberanía alimentaria, ao funcionamento da economía circular e solidaria, á produción e consumo de proximidade mediante o comercio xusto, xerado dende o cooperativismo comunitario de produtoras/es e consumidoras/es etc.

Deste modo, cando menos unha parte do currículo aborda os problemas cunha orientación nesgada, camuflada detrás dunha linguaxe politicamente correcta.

O currículo proposto pola Consellaría recolle tamén unha serie de Plans sucintamente descritos: de Bibliotecas escolares e lectura, de Educación Dixital e de Promoción de estilo de vida saudables. Botamos en falta un plan de promoción de uso do galego, tal e como o formulamos no Consello Escolar de Galicia. Entendemos tamén que deberá ampliarse o foco no relativo ao Plan de hábitos saudables. Nun momento en que hai un



incremento dos problemas de saúde mental e unha demanda de abordaxe decidida da educación sexual, tería sentido incorporar estes ámbitos como propios da vida saudable, ben importantes para o alumnado adolescente. Debería facerse tendo en conta ou reforzando os Plans de Igualdade que se están desenvolvendo nos centros, habilitando espazos curriculares adecuados para isto.

Ao desatender estes aspectos que referenciamos, a reforma curricular adopta unha aparencia burocrática, con menos capacidade para ilusionar e activar proxectos pedagóxicos innovadores que vinculen o coñecemento coa realidade cotiá do alumnado, procurando a súa implicación transformadora.




## A CONSELLARÍA INTENTA FACER OPOSICIÓN CO CURRÍCULO

Pola contra, e para marcar diferenzas políticas, a Xunta quere introducir elementos diferenciadores do currículo do Ministerio:

- Por exemplo, pretende manter as notas numéricas en primaria e secundaria obrigatoria, sabendo que nunha avaliación formativa o que se necesita é a descrición cualitativa, que marque o camiño a seguir, e non a cuantitatividade que simplemente sinala, cando non estigmatiza.

- Tamén se pretenden endurecer os criterios de promoción, desfacendo o intento da LOMLOE de reducir a repetición de curso (que se ten constatado como xeralmente ineficaz) retomando criterios de medias aritméticas e de xerarquización de materias. Cómpre lembrar que as elevadas porcentaxes de repetición de curso son unha anomalía do noso sistema educativo, que nese aspecto difire moito doutros sistemas dos países da nosa contorna, sendo ineficiente en todos os planos, mesmo no económico.

- Pretende a Consellaría converter o obxectivo de apoderamento en estreita iniciativa empresarial ou similar, sen considerar o arco de posibilidades que abarca tal



competencia: unha persoa emprendedora é aquela que é proactiva en relación á súa colaboración e implicación nas problemáticas da súa contorna. Involucrarse en proxectos do centro asociados á abordaxe de situacións comunitarias ou nun ámbito de maior alcance permitiría darlle a esta competencia un valor engadido se ademais a asociamos á competencia cidadá. Pensemos, por exemplo, como a nosa cultura rural garda unha longa tradición en traballos comunitarios, básicos para salvagardar a cohesión social e o desenvolvemento económico nesas contornas, deixando unha forte pegada cultural. Por que non vincular o apoderamento ao recoñecemento e proxección destas (ou doutras) accións en rede que nos son propias? Noutro plano estarían tamén as accións de solidariedade con proxectos que activen sentimentos de solidariedade con persoas doutros contextos e outras características culturais. Asumir o ideario do apoderamento empresarial para a escola, nestes tempos de impacto do capitalismo máis depredador, é unha visión nesgada que se compadece pouco coas finalidades educativas e os obxectivos do sistema asentados no recoñecemento dos dereitos humanos.



## MEDIOS NECESARIOS

Non constatamos, pola contra, que se teña en conta a necesidade de POÑER OS MEDIOS PARA QUE EXISTAN CAMBIOS REAIS. En caso contrario, a ausencia de cambios tanxibles pode dar unha sensación de empeoramento da situación. Polo tanto, para poñer en marcha os aspectos que melloran a educación necesitanse vías de interlocución cos profesionais e coa comunidade educativa, e máis medios:

- Como falar de novos currículos se desde a Administración non hai diálogos e encontros co profesorado e co conxunto das comunidades educativas, buscando a implicación, o esclarecemento, a participación e mesmo a adhesión intelectual e emocional, necesariamente crítica?

- Como falar de inclusión se non dotamos de profesorado de apoio ás NEE e non reducimos a *ratio*?


- Como falar de interdisciplinariedade e traballo por competencias ou mesmo da transversalidade se non permitimos unha flexibilidade organizativa, asentada en cadros de profesorado suficiente?

- Como falar da optatividade -que é chave para a diversidade e para a igualdade de oportunidades, sobre todo nos centros rurais e nos urbanos de menor tamaño- se seguen acometéndose axustes só burocráticos na dotación de profesorado destes centros, sen pensar e actuar con outra lóxica?

Este tipo de consideracións, desafortunadamente, non ocupan a atención no debate público e moito menos do mediático, empobrecido e partidario ao poñer en primeiro plano as tradicionais confrontacións ideolóxicas en torno ao currículo e aos modelos educativos, afastadas da realidade das aulas e do quefacer profesional. Agardamos que esta análise poida axudar a avanzar, aproveitando a marxe que poidan ofrecer os cambios curriculares. ■



A NOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



**engádeste?**  
engádeste?  
engádeste?



[www.nova-escola-galega.org](http://www.nova-escola-galega.org)

**REVISTAGALEGA**  
**DE EDUCACIÓN**  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

**Subscríbete?**